

## ARTE

# Luis Caruncho: variacións xeométricas sobre o plano

► A influencia de Juan Gris, Zurbarán, Cezanne ou Vázquez Díaz e a pegada eterna da arquitectura na obra do pintor coruñés faise evidente na grande antoloxica do CGAC

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Esperada antolóxica dedica no seu primeiro piso o CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) de Santiago de Compostela a un dos máis grandes representantes do Constructivismo nacional, o arquitecto e promotor cultural, Luis Caruncho (A Coruña, 1929). Mostra que permite valorar na súa xusta medida o longo periplo artístico iniciado nos anos 50, época productiva pero non expositiva do loureado pintor galego. O seu labor artístico comeza a xira de exposicións a partir de 1973, tal vez un intervalo necesario para deixar madurar e que tome forma o sentido meticuloso da orde e harmonía polo que se van rexer as súas reflexivas composicións vindeiras.

A xuvenil década dos 50 deixa unhas naturezas mortas que, aínda condicionadas pola realidade exterior, apuntan un rigor compositivo que preludia a súa posterior esquematización formal. De momento segue a tradición poscubista derivada de Juan Gris, e a herdanza xeométrica de Cézanne ou Vázquez Díaz, ós que tanto admira. O colorido contrastado xa albisca esa tridimensionalidade tan buscada que reflectirá os seus lenzos. Colaxes con base en cartóns acanalados dos anos 60 son preludio do carácter serial que vertebra a maioría das súas composicións.

Significativas son as series tituladas 'Visicitudes do Plano'. Trátase dunha obra de gran calidade corpórea debido á superposición de planos entrecruzados de trazado xeométrico irregular, que levará ó estudioso deste polifacético artista, Carlos Areán, a denominarlas escultopinturas. Outros críticos vinculan tales articulacións con trazos temperamentais característicos da natureza humana: enfrontamentos e rupturas de ángulos equivalerían á destrución dunha existencia harmónica ou equilibrada. O gran dinamismo despregado de planos xera un xogo espacial de nítidas superficies brancas atrapaoras de irradiante luz.

Como planetas imaxinarios ou paquetes pechados a inesperadas sorpresas preséntanse as obras tituladas 'Mundo 2000' ou 'Paquete espacial'. A primeira, a modo de gran célula embrionaria de proxección un tanto



O pintor coruñés Luis Caruncho, entre as pezas da exposición antolóxica do CGAC

oval, remitente a tantísimas orixes urbanas: lémbrese a orixe mitolóxica de Roma, o perímetro trazado por Rómulo tras se desembarazar do seu irmán. O muro defensivo en torno ó novo núcleo urbano convérteo en algo sagrado e inviolable. Acoutación doutras tantas culturas en canto a cuestións das orixes do mundo. Ese universo en suspensión, navegando ingravido polo espazo sideral, é un enorme macrocosmos só en activo polos pulsos vitais xerados no interior dos moitos microcosmos posibles que pecha.

Na segunda peza, 'Paquete espacial', Caruncho deléitase nunha elegante construción cuadrangular empaquetada, cuxa imaxe trae á memoria a antiga lenda relativa ó dono da luz, aquel demiurgo que a custodiaba nu-

## O colorido contrastado xa albisca a tridimensionalidade

nha caixa e descuberto o seu segredo é lanzada ó aire. A loita posterior por se librar de ataduras é o limiar da inmaculada textura dos raios solares, como símbolo da fonte xeradora de vida no noso planeta. Estas construcións de espazos xeométricos habitables, un tan-

to utópicas, no seu intento de encontrar formas perfectas, non estrañan nunha persoa dedicada longos anos á formación como arquitecto.

En 'Diafragma' percíbese a sensación de movemento, velocidade que atraeu ó estilo futurista, neste caso producida polo xiro de catro elementos iguais sendo o sentido das agullas do reloxo e emulando unha roda en movemento. Paixón do autor pola velocidade, como bo afeccionado que é ó automobilismo. De igual modo establécese o paralelismo do obxectivo dunha cámara fotográfica tentando captar imaxes. Ritmos repetitivos de concentración e apertura, de grande eficacia hipnótica no espectador, crean unha secuencia rápida de luces e moi perceptible na mesma versión escultórica.

A serie que leva por título 'Ordenación para un espazo' recolle ecos do Pop art. Destaca un enorme díptico, peza que se sente bombear como o latexo dun corazón, realizada con pequenos módulos iguais aliñados e ordenados nun ritmo xiratorio, cambiando á vista do espectador segundo a iluminación que as pezas reciben.

Ben representada está a longa etapa que o artista dedica ás urnas de metacrilato, baseada en finísimos fillos fortemente tensados. O pulcro traballo de Ariadna parece querer preservarse de

calquera dano exterior. Nessas caixas a modo de fanais o seu constructivismo vaise humanizando como resaltaron profundos estudos analíticos da súa obra.

Caruncho homenaxea a grandes autores ou pintores do pasado ós que admira. Son moitos os que desfilaron polos seus lenzos. Significativa é a cinta a Zurbarán, non só na calidade dos seus afamados brancos senón na súa ascética en canto á composición formal do lenzo. Na súa

## Homenaxea a grandes autores ou pintores do pasado ós que admira

admirada fascinación polo muro titula series monocromas 'Branco sobre branco' ou 'Negro sobre negro', superficies minimalistas espaldas aluden claramente a Malévich, aínda sentindo que pese á rigorosa abstracción dalgúns títulos, como a serie de lúas e soles, aluden a elementos reais. A serie 'Azul sobre azul número 18', subtitulada 'Chuvia oblicua', aludindo a unha paisaxe tan da súa terra, Caruncho traduce nun combinado rectangular oblicuamente distribuído. En fin, longa meditación para uns pensamentos coherentes convertidos en obxecto artístico.

## CINE

## 'Vidas alleas', un exemplo do cine de ínfima calidade

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

## VIDAS ALLEAS

Director: D.J. Caruso

Intérpretes: Angelina Jolie e Ethan Hawke

País: USA

Non se deixen enganar nin pola publicidade nin polos labios de Angelina Jolie, *Vidas alleas* é unha película aburrida, previsible, chea de trucos, mal rodada e cun guiño imprevisible. Unha vez máis, aínda que neste caso sexa no Canadá e os policías da cidade falen con acento francés, todo xira arredor dun asasinato en serie tan incongruente e increíble que, desde o primeiro plano, un sabe que está diante dunha estafa que non chega á categoría dun telefilme para dormir a sesta.

A policía de Toronto ten un serio problema: un intelixente e tarado asasino en serie trae atemorizada a poboación. Como os policías da cidade non son quen de entrar nas maquinacións de tan preclara mente para suplantar a personalidade de quen se propón e acabar con el, solicitan a axuda dunha experta americana, Angelina Jolie, que se encargará de penetrar en tan difícil misterio. De aí para adiante, cada paso un despropósito, unha mesturanza de tópicos, inexactitudes de corte psicolóxico, indagacións na infancia, incoherencias, vaguidades e sorpresas avisadas que retiran todo o interese por saber en qué acaba todo. E acaba peor. Moito peor. O final é para rir e escachar.

O cóctel móntase cos ingredientes que se supón engancharán ó público: misterio con engano, policía de corpo exhuberante, carreiras automobilísticas persecutorias, dous golpes de susto, unha de sexo, desbarre no argumento cada vez que a trama se atasca e resolución de chiste con copas. O final, nada. A tensión voa ós dous minutos, a policía é tan pouco fina nas súas indagacións coma na mostra da súa sensualidade, a preparada escena do acto sexual no que parecen querer bota-lo resto só é unha mostra de posturas incómodas e as persecucións e sustos poderían inventalos mellor un adolescente aburrido no seu cuarto.

Unha película vulgar, aburrida, sen o máis mínimo atractivo. Para quen pretenda non dana-las súas conexións interneuronais, mellor buscar outra opción para o tempo de lecer.

